

Orixe das instalacións convertidas en Campo de Concentración de Camposancos



Figura 1: Vista aérea de 2005 das instalacións do antigo Colexio dos p.p. xesuítas.

En 1830 o emigrante guardés **Juan Antonio Español López**, chegado de Guatemala uns anos antes (aprox.1820), abriu un almacén de importación-exportación de mercadorías en O Pasaxe de Camposancos e construíu pola súa conta un peirao para poder atracar os barcos que traían e levaban tales mercadorías, así como tamén montou un estaleiro nos terreos gañados ao río Miño.

Seu único fillo nado en Guatemala, **Domingo Antonio Español**, pechou o almacén e, o 7/12/1875, vendeu tódalas propiedades aos xesuítas diante do Notario **D.M.Porto**, asinando a escritura, como mediador, o párroco de Salcidos, **Diego A. González Rodríguez**, e como comprador o irmán lego xesuíta, **Pedro Irube Crucelegui**, por mandato do superior dos xesuítas **Antonio Zarandona**.

De seguido, nese mesmo 1875 chegan profesores e alumnos a O Pasaxe que proviñan dunhas instalacións cedidas polo conde de Priegue en Anceis (A Coruña). O curso comezaría o 15 de setembro de 1875 co director **Tomás Gómez Carral**, inaugurándose o Colexio Apóstol Santiago.

En 1916 o colexio pasou a Vigo instalándose en “La Molinera” e nese mesmo ano alugan tódalas instalacións de Camposancos (figuraban a nome de “La Enseñanza Católica S.A.”) aos xesuítas portugueses instalados con un Instituto

en Pontevedra desde 1914 (Hotel Los Placeres) que estaban expulsados de Portugal desde o 8 de outubro de 1910. As instalacións alugadas en 1914 en O Pasaxe tiñan un valor de 561.500 pesetas.




Figura 2: Daguerrotipo do Almacén de importación – exportación de Domingo A. Español.

Desde 1916 a 1932 os xesuítas portugueses abriron o **Instituto Nun'Alvres**, seguindo coa ensinanza a alumnos españois e portugueses ata que o goberno da IIª República os expulsou de España en febreiro de 1932, incautándose de tódalas propiedades e de tódolos bens que estaban no interior, nomeando ao Concello de A Guarda garante da vixilancia e a un administrador dos bens. O goberno tentou abrir un *Manicomio Rexional* debido a saturación do Sanatorio de Conxo pero as Deputacións galegas se negaron a inverter cartos nese proxecto. Finalmente a Entidade Local Menor de Camposancos solicitou a creación dunha *Escola Taller* pero a rebelión militar do 18 de xullo de 1936 abortou aquela idea.

En outubro de 1936 a parte frontal do antigo colexio foi ocupado polos xesuítas da “*Tercera Población*” das provincias xesuíticas da “España Norte” que ata ese mes estiveran en Portugal.

En agosto de 1937 a “**Inspección General de Campos de Concentración (ICCP)**” ordenou as labores de acondicionamento do campo, así como a incorporación dun destacamento de tropas do Rexemento de Infantería Mérida Nº 35, con base en Vigo.



Figura 3: Fotografía de Uris ano 2005. Patio principa (Nº 1)

O 28 de outubro dese 1937 chegaron os primeiros presos ao campo de concentración, mais 140 mulleres con uns cantos nenos que soamente estiveron uns quince días. O primeiro que viron na entrada do campo foi o letreiro *"El servicio en este Campo se considera y debe prestarse como Frente al enemigo"*

Como pode verse no debuxo adxunto, os xesuítas tiñan para eles a parte frontal do antigo colexio, e os presos, oficinas, soldados, falanxistas de garda, etc, o resto das instalacións, incluídos os tres patios. No patio principal (nº1) era onde pasaban revista tres veces no día; tiñan a obriga de asistir a misa tódolos domingos en formación, mais a obriga de formar no centro o pé da bandeira nacional, desde a subida ata a arriada. O Sur do patio nº 1 había unha ducia de latrinas das que soamente quedan os buratos. As cociñas estaban no patio nº 2 onde aínda se poden ver unha ducia de latrinas en bo estado.

O 18 de xaneiro de 1938 marcharan do antigo colexio–prisión trinta e sete xesuítas, sendo reitor Enrique Carvajal.

O campo de concentración de Camposancos ten unha historia ben triste para centos e centos de cidadás, xa falecidos, paseados, fusilados ou asasinados, asturianos, leoneses, cántabros, vascos, casteláns, cataláns, valencianos e galegos..., estando intimamente coligado coa prisión do cuartel de artillería de

Figueirido (Pontevedra), co Forte do Castro en Vigo, co cuartel de Santo Domingo e Alameda de Tui, co Penal da Illa de San Simón (Redondela), cos Campos de Concentración de Oia (Pontevedra), Cedeira (A Coruña), Celanova e Rianxo (A Coruña), co cuartel de San Francisco e co Campo de Aragón en Ourense, así como co campo de concentración de Muros de San Pedro.



Figura 4: Fotografía de Uris 2005. Latrinas no Patio Nº1 da que soamente quedan os buracos.



Figura 5: Fotografía de Uris 2021. Latrinas no Patio Nº 2 bastante ben conservadas.

Os xesuítas atendían como podían, ou querían, aos presos a nivel católico-apostólico. O primeiro que atendeu aos presos foi o xesuíta **José Sarabia**. En marzo de 1941 figuraba cómo capelán castrense do campo o párroco de Camposancos, **Hermenegildo Gil Millós**, que fora proposto polo bispo de Tui, sucedendo a **Martín Álvarez Álvarez**, párroco de Salcidos e furibundo franquista que fora capelán do Campo de Concentración desde abril de 1938.

En 1941 o exército nacional devolveu oficialmente tódalas instalacións. E desde 1943 a 1951 instalaron unha “*Casa de Ejercicios para empleados y un Seminario Menor de la Compañía de Jesús hasta 1960, año en el que el Seminario se integró junto al Seminario Menor de Carrión de los Condes al Seminario nuevo creado en León*”

José A. Uris Guisantes